

Santiago de Compostela, 13 de decembro de 2016

Os abaixo asinantes, en representación da Federación de Ensino de CCOO de Galicia, ANPE Galicia e FETE-UGT Galicia, organizacións sindicais e como organizacións asinantes do acordo do 20 de xuño de 1995 polo que se regula o acceso e as condicións de traballo do persoal docente interino e substituto que imparte ensinanzas distintas das universitarias

EXPOÑEN que

PRIMEIRO - No artigo primeiro do acordo establece que se terá *"como obxectivo que o número de interinos dos corpos docentes que imparten docencia distinta da universitaria sexa ao redor do 5 % dos cadros de persoal."*

No mesmo artigo explicitase que *"No proceso de negociación das ofertas de emprego teranse en conta, ademais das xubilacións que se produzan e as novas necesidades derivadas das políticas educativas, os resultados producidos no relativo ao acceso do persoal interino docente á condición de funcionario de carreira no desenvolvemento dos concursos-oposicións inmediatamente anteriores."*

SEGUNDO - Nos últimos anos por mor das políticas de axuste levadas a cabo polos gobernos estatais e autonómico a taxa de interinidade pasou a cifras próximas ao 13% o que nos sitúa moi lonxe do obxectivo marcado no acordo.

TERCEIRO - As últimas sentenzas do TXUE sobre o emprego temporal van na liña de impedir que as prazas de carácter estrutural se cubran con carácter de temporalidade mais aló do que establece o EBEP.


CUARTO - Entendemos que a solución pasaría por unha OPE ampla que non se limitara á reposición das xubilacións producidas ata o 31 de decembro, dado que non se recuperarían os postos de traballo transformados en emprego temporal nos anos de aplicación de moi baixas taxas de reposición. Polo que sería necesario establecer un plan de emprego con OPE que superaran o 100% da taxa de reposición que permitiran a transformación de emprego temporal en emprego fixo.

polo que **SOLICITAN**

que admitindo a trámite este escrito, esa Dirección Xeral convoque unha xuntanza da Comisión de seguimento do acordo de interinos para poder valorar a situación actual na nosa comunidade e as posibles solucións a dita problemática.


Pola Federación de Ensino de CCOO


Por ANPE Galicia


Por FETE-UGT Galicia

A/A DIRECTOR XERAL DE CENTROS E RECURSOS HUMANOS DA CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

REGISTRO XERAL DA XUNTA DE GALICIA
REGISTRO XERAL
SANTIAGO DE COMPOSTELA

ENTRADA 205858 / RX 3207385

Data 14/12/2016 13:35:14

